

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN 1º ESO**

En cada un dos apartados seguintes o alumno terá que demostrar un nivel suficiente para obter o aprobado (nota de 5). Valorarase cada apartado do seguinte modo:

- \* 20% corresponderá á actitude, interese, traballo na clase e traballo voluntario (dossier de traballo).
- \* 10% ás obras de lectura.
- \* 70% para as probas específicas que valoran os coñecementos tanto de lingua como de literatura, insistindo en que o alumno debe mostrar un dominio equilibrado en ambas materias.

Nos exercicios escritos farase especial fincapé na expresión e na ortografía.

Consideramos que os cursos de ESO son de aprendizaxe e de dominio da ortografía en todas as súas facetas (ortografía das palabras, acentuación e puntuación), de modo que ao final da etapa (en cuarto de ESO) sexa posible que o alumno alcance a corrección escrita. Por iso, nos cursos de ESO, nas probas escritas, poderán penalizarse con ata 0,25 puntos as faltas de ortografía que se cometan en palabras de uso habitual o naquelas que se traballaron en clase dun modo específico. O máximo de puntos que se descontará será de 3.

Para obter o aprobado deberánse superar todos os apartados mencionados, sendo necesario para facer media que as cualificacións das probas non sexan inferiores a 3.

## **CRITERIOS DE RECUPERACIÓN**

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame final (ou varios parciais) en xuño que versará sobre as partes suspensas.